



CONCELLO
DE
VALDOVIÑO

DECRETO DA ALCALDIA-PRESIDENCIA Nº 117/2013

Vista a proposta feita pola Mesa de Contratación constituída para a contratación dos servizos de limpeza en edificios municipais deste Concello, na súa reunión do día 6 de maio do 2013, para que se designe un comité, en base ao artigo 150 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que conte cun mínimo de tres membros, formados por expertos non integrados no órgano proponente do contrato para que realice a avalicación das ofertas (Sobre "B".- Referencias técnicas) na contratación antedita.

Propón ademais que compoña o comité o arquitecto técnico municipal, un arquitecto técnico da Excm^a Deputación Provincial da Coruña e arquitecto técnico do concello de Ares.

Esta Alcaldía, en uso das facultades que ten atribuídas por Lei, RESOLVE:

1º.- Aceptar a proposta da Mesa de Contratación que fixo na súa reunión do pasado seis de maio.

2º.- Efectuar o nomeamento dos tres membros do comité nas persoas:

- .- Don Ramón Couce Blanco, arquitecto técnico municipal.
- .- Don José Manuel Yáñez Rodríguez, técnico da Excm^a Deputación Provincial.
- .- Don Alfonso Portela Martínez, arquitecto técnico do concello de Ares.

3º.- Comunicar aos nomeados este acordo, fixando a reunión deste Comité para o vindeiro mércores, día 15 de maio de 2013 ás 10 horas na Casa do Concello de Valdoviño.

4º.- Dar conta do acordado neste decreto na primeira sesión que celebre a Xunta de goberno local.

Dado na Casa do concello de Valdoviño, en data sete de maio de dous mil trece, ante mín, Secretaria municipal, Carlota González Navarro.

O Alcalde,

A Secretaria,